



## AS ESTATUAS DE PONTEVEDRA PROTÉXENSE DO CHEIRO DE ENCE E ANUNCIAN O SEU APOIO Á MARCHA CONTRA CELULOSAS DO SÁBADO 20 DE XUÑO

A Asociación Pola Defensa da Ría realizou este mércores 10 de xuño, unha acción simbólica de denuncia contra a permanencia de Ence-Elnosa na Ría. O obxectivo desta acción, que consistiu na colocación de mascarillas nas principais estatuas da cidade do Lérez, é mostrar a situación de altos niveis de contaminación producidos pola pasteira e a fábrica de cloro. En Galiza, Ence-Elnosa son os dous principais puntos de contaminación polas súas emisións de mercurio e derivados de xofre á atmosfera e de materia orgánica, mercurio, coliformes e outros contaminantes á ría de Pontevedra, substancias todas elas moi perigosas para o medio ambiente, os recursos marisqueiros e a saúde.

Dende a APDR na ría de Pontevedra chamamos á participación de toda a veciñanza na MARCHA que partirá o sábado 20 de xuño ás 19h30 dende as alamedas de Marín e Pontevedra, no convencemento de que só coa mobilización conseguiremos parar esta barbaridade medioambiental que a Xunta de Galiza permite e pretende consolidar. Porque **"a ría é nosa e non da celulosa!"**



Ver todas as fotos en:

<https://www.facebook.com/media/set/?set=a.910621188999734.1073741841.274485385946654&type=3>